

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ENFERMERÍA DO CENTRO DE SAÚDE DA ESTRADA RECIBE O PREMIO DO *CONSEJO GENERAL DE ENFERMERÍA* TRAS SER AVALIADO POR 3.000 PROFESIONAIS

- O monitor de reputación sanitaria MRS e o Consejo General de Enfermería recoñece á atención primaria estradense como o "equipo de enfermería de mellor reputación de España en 2021"

Santiago, 08 de xullo 2022.- A atención primaria da Estrada conta coa mellor enfermaría dos centros de saúde da España segundo o ránking do Monitor de Reputación Sanitaria (MRS) e o *Consejo General de Enfermería* que se realiza en base a análise da opinión de 3.000 profesionais de enfermaría de todo o país. Así se fixo público na entrega dos galardóns celebrada onte en Madrid.

O premio, que cumpre a súa sétima edición, recoñece o labor destas profesionais (un equipo de enfermaría formado por máis 30 persoas) no transcurso dos anos 2020/2021, é dicir, inclúe os duros momentos vividos pola pandemia.

Para a xerente da área Sanitaria de Santiago e Barbanza, Eloína Núñez, este premio é "un recoñecemento ao grande esforzo dos profesionais da enfermaría deste centro que demostraron, unha vez máis, a o seu compromiso ante a situación complicada e inédita que causou o coronavirus".

Pola súa banda, o responsable do centro de saúde, Juan Sánchez, indica que é un premio "mercedo para un equipo de enfermaría motivado, preparado e resolutivo que mestura mocidade e experiencia e que funciona de xeito harmónico co resto do equipo no ámbito asistencial e en todos os proxectos de investigación e innovación".

Dende o centro de saúde da Estrada "promovemos que os equipos de enfermería teñan a capacidade de liderar moitos aspectos dos procesos clínicos tanto agudos como crónicos, nos que a enfermaría aporte un valor engadido dada a súa proximidade cos pacientes".

O centro de saúde da Estrada consegue deste xeito un recoñecemento máis que se ven sumar aos premios *Best in class* como mellor centro de saúde en sucesivas edicións.

Saúdos,